

MEMORIA
ACTIVIDADES DEPORTIVAS

07/08



UNIVERSIDADE
DE VIGO

MEMORIA ACTIVIDADES DEPORTIVAS /
07/08



UNIVERSIDADE
DE VIGO



Servizo de
Deportes

EDITA: Servizo de Deportes. Universidade de Vigo

DESEÑO E MAQUETACIÓN: magenta

IMPRIME: Sixpress Color

DEPÓSITO LEGAL: V

ÍNDICE

SAÚDO DA VICERREITORA	5
1. ACTIVIDADES DE LECER E FORMACIÓN	7
1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS	7
1.2. CURSOS CURTOS	9
2. ACTIVIDADES DE LECER E RECREACIÓN	10
2.1. RUTAS CULTURAIS	10
2.2. DELECECER. DEPORTE PARA O TEMPO LIBRE	11
2.3. AUGAVENTURA. ACTIVIDADES NO MEDIO ACUÁTICO	12
3. ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN	13
3.1. COMPETICIÓN INTERNAS	13
3.1.1. LIGAS UNIVERSITARIAS	13
3.1.2. I COPA INTERCAMPUS	15
3.1.3. CAMPIONATOS INDIVIDUAIS	17
Torneo Universitario de Squash	
Campionato Universitario de Tenis	
Campionato Universitario de Tenis de Mesa. I Trofeo Eugenio Monge.	
3.1.4. CAMPIONATOS COLECTIVOS	18
Campionato Universitario de Fútbol 7 Feminino	
Torneo Intercampus de Rugby	
3.1.5. CAMPIONATOS PDI E PAS	18
3.1.6 CADRO RESUMO DOS PARTICIPANTES EN COMPETICIÓN INTERNAS	19
3.2. COMPETICIÓN INTERUNIVERSITARIAS	20
3.2.1. CAMPIONATOS GALEGOS UNIVERSITARIOS 2008	20
3.2.2. CAMPIONATOS DE ESPAÑA UNIVERSITARIOS 2008	21
3.2.3. XOGOS GALAICO-DURIENSES	23
4. SECCIÓN FEDERADAS	24
4.1. CAMPUS DE OURENSE	24
Baloncesto	
Tenis	
Xadrez	
4.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA	25
Ximnasia aeróbica	
4.3. CAMPUS DE VIGO	25
Carreiras de orientación	
Rugby	
Tenis	
Triatlón	
Xadrez	

28 5. EVENTOS E ACTIVIDADES

28 5.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES

II Torneo de Rugby 7 Universidade de Vigo
I Xornadas de Actividade Física e Saúde
IV Maratón de Aeróbic Solidario a prol de Unicef
10 Km Cidade Universitaria
Partido Solidario. Únete pola infancia con Unicef
Campionatos de España Universitarios 2008: remo, orientación, taekwondo e vela.
I Torneo de Rugby 7 Campus de Pontevedra
XVII Festa do Deporte

31 5.2. SEDE DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS

Oposicións ao Corpo Nacional de Policía
VI Copa Coca-Cola
Campionato Galego de Técnica e Exhibición de Taekwondo
Serie Municipal de Atletismo en Pista
Final do Circuito de Campo a Través Xóvenes Atletas
Torneo Vigomano
Campus Camp multideportivo para fillos de PDI e PAS
Campus de Baloncesto 6 do Nadal

33 5.3. UNIVERSIADA VIGO 2013

34 6. OUTROS SERVIZOS E VANTAXES

34 6.1. TARXETA DEPORTIVA UNIVERSITARIA

34 6.2. DUE

34 6.3. ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE

34 6.4. PONTE EN FORMA

35 6.5. PRÉSTAMO DE BICICLETAS

35 6.6 PROGRAMA DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS

35 6.7. BOLSAS PARA O ALUMNADO COLABORADOR

36 7. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

37 7.1. USOS INTERNOS: COMUNIDADE UNIVERSITARIA

37 7.2. USOS EXTERNOS

39 8. ARQUIVO DE PRENSA

55 9. DIRECTORIO

56 10. ENTIDADES COLABORADORAS



M.ª del Carmen Cabeza Pereiro

Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes

Se algo hai que vaia permanecer na nosa memoria deste curso 2007/2008, por riba de todo o esforzo cotián dedicado ao deporte universitario, é sen dúbida a candidatura de Vigo á organización da Universiada. Esta campaña cidadá conseguiu unir toda a xente de Vigo e de Galicia nun proxecto ilusionante e aproximou a Universidade de Vigo á cidade a través do deporte, algo que a nós nos enche de satisfacción. Recibimos a comisión avaliadora do CEDU en febreiro, na primeira fase de selección da candidata española, e logo a delegación da FISU, en abril. Quedan como testemuñas de ambas as dúas visitas as árbores plantadas xunto ao acceso ao Edificio de Deportes do Campus de Vigo. Ao final, non puido ser, a Universiada de verán de 2013 vai para Kazán, mais nós seguimos a traballar, co obxectivo de optar á organización da de 2015.

A lección aprendida lévanos a dúas reflexións. A primeira, e máis importante, que temos que ser quen de seguir merecendo a vosa confianza: comunidade universitaria, deportistas, equipos, federacións, institucións e empresas colaboradoras. A segunda, que debemos aproveitar este pulo cara á internacionalización, unha vez demostrada a capacidade do deporte universitario para crear vínculos con outras universidades e cidades e para facer visible a Universidade de Vigo no mundo.

Por iso, a nosa visión está posta en seguir a mellorar a oferta deportiva, a organización das ligas e campionatos. Como proba da nosa capacidade organizativa, recibimos no curso pasado os Campionatos de España Universitarios en catro modalidades: remo en Castrelo de Miño, orientación no Lago Castiñeiras e no núcleo urbano de Pontevedra, taekwondo e vela en Vigo -no pavillón universitario e no Club Náutico Punta Lagoa, respectivamente-. Por outra parte, a alta participación en actividades orientadas a unha actividade física saudable e de lecer debe ser para nós un indicador de que son e de que convén coidar e fortalecer estes programas.

Non queremos descoidar outras iniciativas que nos achegan ao noso contorno social e contribúen a que nos coñeza a sociedade, tales como a carreira popular 10 km Cidade Universitaria ou a recepción de adestramentos, partidos e ligas por parte de clubs e de entidades colaboradoras, na medida en que o permiten as nosas instalacións.

É preciso tamén facer referencia, nesta breve presentación, ás persoas que levades o nome da Universidade de Vigo por todo o mundo, en olimpíadas e parolimpíadas ou en campionatos internacionais de toda índole. Quero aproveitar esta oportunidade para vos transmitir o noso recoñecemento e os nosos parabéns. Sodes un exemplo de esforzo e de compromiso.


Para rematar, quero expresar o meu agradecemento a todas as persoas que facedes vivir o deporte na Universidade de Vigo: usuarios/as, colaboradores e persoal do Servizo de Deportes.

1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS

Duración: de outubro a xuño

As 64 modalidades que compuxeron o Programa de escolas deportivas nos tres campus universitarios reuniron este ano máis de 1400 persoas, que puideron practicar deporte cunha periodicidade de dous días á semana.

Destacou a actividade de natación libre no Campus de Ourense, con preto de 120 participantes, seguida por aeróbic, no mesmo campus, e natación e tenis no de Vigo, con máis de 80 persoas en cada caso. Tamén foron moi demandados ioga, aeróbic e xadrez en Vigo e wellness en Pontevedra.



1 ACTIVIDADES DE LECER E FORMACIÓN





CAMPUS DE OURENSE

MODALIDADE	Nº
Aerobic	86
Aerobox	34
Aquafitness	22
Bailes de salón	12
Boot camp	22
Capoeira	2
Danza do ventre	18
Defensa persoal	29
loga	41
Kick-boxing	14
Natación (curso)	30
Natación (libre)	117
Pilates	18
Tai chi	13
Tenis	30
Vela combinada	6
Voleibol	14
Wu-shu	7
Xadrez	19
TOTAL	534

CAMPUS DE PONTEVEDRA

MODALIDADE	Nº
Aerobic step	22
Aerostep avanzado	15
Bailes latinos	15
Capoeira	5
Fitness musculación	19
loga	11
Power pump	13
Tai chi	5
Natación	20
Pilates	6
Wellness	61
TOTAL	192

CAMPUS DE VIGO

MODALIDADE	Nº
Aerobic	61
Aerobic latino + GAP	9
Aerobic latino + step	2
Aerobic + step	1
Aerobox	12
Aeroton + step	38
Aikido	2
Aquagym	20
Body-pump	12
Capoeira	21
Cardio box + step latino	1
Danzas orientais	29
Fit ball pilates	13
Full contact	7
GAP	20
loga	53
Jiu-jitsu + hapkido	6
Judo	7
Kendo	8
Kick-boxing	12
Muay thai boran	6
Natación	85
Pilates	26
Power circuit	3
Spinning	40
Step	9
Step box ton	2
Taekwondo	11
Tai chi	12
Tai chi + daoyin	1
Tenis	82
Wu shu sanda	2
Xadrez	68
30 + 30 + 30	5
TOTAL	686

TOTAL ESCOLAS: 1412 PARTICIPANTES

1.2. CURSOS CURTOS

Duración: de outubro a xullo

As actividades monográficas son unha boa oportunidade de se achegar a modalidades deportivas minoritarias ou pouco habituais, ou ben de ter unha primeira toma de contacto con deportes de éxito durante o curso escolar.

Destacaron o curso de ximnasia de mantemento para PDI, cunha duración de tres meses, e o curso de iniciación ao surf, que se desenvolveu nun só día e acadou un rotundo éxito de participación.

Xornadas de achegamento ao rugby

Vigo, do 18 de outubro ao 24 de novembro de 2007

Total de participantes: 69

Ximnasia de mantemento para PDI

Vigo, do 10 de marzo ao 3 de xullo de 2008

Total de participantes: 19

Surfeando UVigo.es.

Praia de Patos (Nigrán), 1 de marzo de 2008

Curso de iniciación ao surf.

Total de participantes: 39

TOTAL CURSOS CURTOS: 127 PARTICIPANTES



CAMPUS DE VIGO

outubro e novembro 2007
universitarios/as e non universitarios/as

 solicita un crédito
de libre configuración

inscripción gratuita

Ata o 17 de outubro
no Servizo de Deportes Campus de Vigo
ou no mail deportes@uvigo.es

LUGAR

Campo sintético do Campus de Vigo.

horario

De 14:00 a 16:00 h.

prezo

Gratuito para os campus de
Ourense e Pontevedra.

marca

Marca Lady Belly.

categorías masculina e feminina

- 18 de outubro: Achegamento ás normas básicas do rugby
- 20 de outubro: O pase e a colocación no campo
- 21 de outubro: Defensa e xogadas estáticas
- 22 de outubro: Charla técnica (Aula Edificio de Deportes)
- 23 de outubro: Iniciación ao xogo aberto
- 24 de outubro: Posicións fixas e xogo a partir das mesmas
- 25 de outubro: Posicións móbiles e xogo a partir das mesmas
- 26 de outubro: Charla técnica (Aula Edificio de Deportes)
- 27 de outubro: Torneo de Rugby a Sete (Campus de Vigo)



iniciación ao rugby

+ info 627 959 658

2 ACTIVIDADES DE LECER E DE RECREACIÓN



Programa de rotas a pé curso 07-08

- Rota das Termas - Castro de Lousame
- 28 de outubro 2007
- Rota Mosteiro de San Pedro de Rocas
- 10 de novembro 2007
- Rota do Ribeiro
- 24 de novembro 2007
- Rota do Espadriño
- 15 de decembro 2007
- Rota da Ribeira Sacra (Mosteiro de Sta. Cristina)
- 12 de xaneiro 2008
- Rota dos Canóns de Sil (Mosteiro de San Estevo)
- 26 de xaneiro 2008
- Rota da Marina de Augas Santas
- 23 de febreiro 2008.



2.1. RUTAS CULTURAIS


Duración: de outubro a abril

Preto de 750 persoas participaron este ano no Programa de rutas culturais, que ten como obxectivo achegar a comunidade universitaria á paisaxe, á historia e aos recursos naturais do noso país.

Durante o curso organizáronse un total de once saídas a pé, de entre 10 e 25 km., nas que as persoas participantes coñeceron da man de guías especializadas/os os detalles históricos, etnográficos e culturais dalgúns dos recunchos con máis encanto das provincias de Ourense e Lugo.

A asistencia ás rutas permitiulle ao alumnado acadar créditos de libre configuración. Ademais, o Servizo de Deportes de Ourense ofrécelles un CD con centos de fotografías para que as persoas participantes que o desexen poidan gardar un recordo dos mellores momentos das saídas.

DATA	RUTA	OURENSE	PONTEVEDRA e VIGO	TOTAL
20.10.07	As Termas	35	23	58
10.11.07	Mosteiro de San Pedro de Rocas	40	16	56
24.11.07	Do Ribeiro	40	22	62
15.12.07	De Entrerrías	43	26	69
12.01.08	Da Ribeira Sacra	36	27	63
26.01.08	Dos Canóns do Sil	45	31	76
23.02.08	De Santa Mariña de Augas Santas	30	28	58
08.03.08	Da Serra do Xurés	53	35	88
29.03.08	Do Incio	60	34	94
12.04.08	Vía da Prata	41	25	66
19.04.08	Do Mosteiro de Montederramo	35	21	56
TOTAL PARTICIPANTES		458	288	746



2.2. DELECER. DEPORTE PARA O TEMPO LIBRE

Duración: de marzo a maio

As actividades máis anovadoras, deportes de risco e de natureza, teñen o seu lugar en Delecer, un programa que este ano incluíu tres actividades de aventura no Campus de Vigo: paracaidismo, parapente e pontismo. Outras, como tiro olímpico, hípica, espeleoloxía e descenso de canóns realizáronse desde o Campus de Ourense.


CAMPUS DE OURENSE

	PARTICIPANTES
Descenso de barrancos	9
Espeleoloxía	6
Hípica	5
Tiro olímpico	16
TOTAL	36

CAMPUS DE VIGO

Paracaidismo	16
Parapente	23
Pontismo	43
TOTAL	82

TOTAL DELECER: 118 PARTICIPANTES



DESCENSO DE BARRANCOS

DELECER 2008: ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE



Deporte para o tempo libre

delecer

PRIMAVERA 2008

pontismo
 paracaidismo
 parapente

+ info

CAMPUS DE OURENSE
 Pavillón Universitario
 Campus A Lonia
 Tel: 988 387 198
 depor-ou@uvigo.es

Primavera 2008

rafting
vela
regata
surf
mergullo

2.3. AUGAVENTURA. ACTIVIDADES NO MEDIO ACUÁTICO

Duración: de marzo a maio

Con máis de 150 participantes, máis do triplo que o curso anterior, o programa de actividades no medio acuático acadou toda unha marca de participación. Augaventura incluíu este ano dúas novidades: os cursos de vela e regata, e mergullo.

CAMPUS DE VIGO

	PARTICIPANTES
Mergullo	38
Rafting	64
Surf	34
Vela e regata	15
TOTAL	151



3.1. COMPETICIÓNS INTERNAS


3.1.1. LIGAS UNIVERSITARIAS

Duración: de novembro a marzo

De entre todas as actividades que organiza o Servizo de Deportes, as ligas universitarias son as que concentran o maior número de participantes. Unen a rapaces e rapazas nun ambiente no que a competición e o espírito recreativo, baseado no gozo da participación, mantéñense en equilibrio. As ligas estrutúranse en dúas fases: a de Campus e a de Intercampus.

MODALIDADE	EQUIPOS / PERSOAS		
	CAMPUS OURENSE	CAMPUS PONTEVEDRA	CAMPUS VIGO
Fútbol 7 masc.	10 / 140	13 / 182	-
Fútbol 7 mixto	-	-	64 / 896
Fútbol sala fem.	2 / 24	1 / 12	6 / 72
Fútbol sala masc.	30 / 360	12 / 144	57 / 684
Voleibol mixto	-	2 / 24	3 / 32
Balonmán mixto	-	-	8 / 112
Balonmán masc.	-	1 / 14	-
Baloncesto mixto	-	-	19 / 228
Baloncesto fem.	1 / 12	-	-
Baloncesto masc.	10 / 120	1 / 12	-
TOTAL	53 / 656	30 / 388	157 / 2024

TOTAL LIGAS: 240 EQUIPOS Nº PERSOAS: 3068



3 ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN



Fase Final Intercampus

Ourense, 28 de febreiro de 2008

Os cabezas de serie dos tres campus enfrontáronse en Ourense o 28 de febreiro na Final Intercampus. Os equipos gañadores das distintas modalidades medíronse cos mellores equipos doutras universidades nos Campionatos Galegos de Deportes Colectivos ou nos Campionatos de España Universitarios representaron a Universidade de Vigo.

CADRO DE HONRA LIGAS 2007/2008

Baloncesto feminino

1.º posto: Marea Negra. Campus de Ourense.

2.º posto: Orujo's Team. Campus de Vigo.

Baloncesto masculino

1.º posto: Turcos. Campus de Vigo.

2.º posto: James Peixon 4. Campus de Ourense.

Balonmán masculino

1.º posto: Los Trotamúsicos. Campus de Vigo.

2.º Posto: Manzanillos. Campus de Pontevedra.

Fútbol sala feminino

1.º posto: Parrulas. Campus de Vigo.

2.º posto: Bólidos. Campus de Ourense.

Fútbol sala masculino

1.º posto: Galaico. Campus de Pontevedra.

2.º posto: Peritos. Campus de Vigo.

Fútbol 7 feminino

1.º posto: A lo Loco. Campus de Vigo.

2.º posto: Toliñas. Campus de Vigo.

Fútbol 7 masculino

1.º posto: Spectra de Moscú. Campus de Vigo.

2.º posto: Ceda el Paso. Campus de Vigo.

Voleibol masculino

1.º posto: Mexturansa Galega. Campus de Vigo.

2.º posto: Pinchas. Campus de Pontevedra.



3.1.2. I COPA INTERCAMPUS


Duración: de abril a maio

Unha vez rematadas as ligas, a competición por equipos continuou grazas á Copa Intercampus, un torneo con estrutura de copa que deriva do antigo Torneo Intercentros e que este ano celebrou a súa primeira edición.

A Copa desenvolveuse en dúas fases: unha competición interna, en cada campus, durante os meses de abril e maio; e un torneo final, o 22 de maio en Pontevedra.

	CAMPUS OURENSE	CAMPUS PONTEVEDRA	CAMPUS VIGO
MODALIDADE	EQUIPOS	EQUIPOS	EQUIPOS
Baloncesto masc.	6	3	9
Fútbol sala fem.	2	-	4
Fútbol sala masc.	30	12	32
Fútbol 7 masc.	6	11	41
Voleibol mixto	0	2	1
TOTAL	44	28	87

TOTAL I COPA INTERCAMPUS: 159 EQUIPOS





Final I Copa Intercampus

Pontevedra, 22 de maio de 2008

Os mellores equipos de cada campus pasaron á final, que se celebrou en Pontevedra coincidindo coa XVII Festa do Deporte, o acto en que o Servizo de Deportes agasalla aos equipos gañadores das ligas universitarias e deportistas que máis destacan da temporada.

As modalidades deportivas da competición foron baloncesto masculino, fútbol sala feminino, fútbol sala masculino, fútbol 7 masculino e voleibol mixto. Participaron un total de 310 deportistas.

Ademais, no programa incluíuse a fase final do Torneo Interno de Fútbol 7 PDI PAS, na que participaron os catro equipos clasificados nas fases anteriores de cada campus.

GAÑADORES DA I COPA INTERCAMPUS

Baloncesto masculino

- 1.º posto: Mazaos. Campus de Pontevedra
- 2.º posto: Cuvilingüe. Campus de Vigo

Fútbol sala feminino

- 1.º posto: Parrulas. Campus de Vigo.
- 2.º posto: Las Inefas. Campus de Pontevedra

Fútbol sala masculino

- 1.º posto: Manzanillos. Campus de Pontevedra
- 2.º posto: Descansa. Campus de Vigo

Fútbol 7 masculino

- 1.º posto: Panchotes. Campus de Pontevedra
- 2.º posto: Spectra de Moscú. Campus de Vigo

Fútbol 7 masculino PDI e PAS

- 1.º posto: Teleco. Campus de Vigo
- 2.º posto: Ourense. Campus de Ourense

Voleibol mixto

- 1.º posto: Mexturansa Galega. Campus de Vigo
- 2.º. Posto: Pinchas. Campus de Pontevedra

3.1.3. CAMPIONATOS INDIVIDUAIS

Duración: de febreiro a abril

Torneo Universitario de Squash

Ourense, 28 de febreiro de 2008

Total de participantes: 24

Categoría universitaria feminina

1.º posto: Beatriz Reinoso

2.º posto: Eugenia Hernansanz

Categoría universitaria masculina

1.º posto: Rodrigo Álvarez González

2.º posto: Pablo Docabo Iglesias

Categoría non universitaria

1.º posto: Manuel Quintas Morais

2.º posto: Óscar Javier López Domínguez

Campionato Universitario de Tenis

Vigo, do 31 de marzo ao 4 de abril de 2008

Total de participantes: 43

Categoría feminina

1.º posto: Raquel Guede Estévez

2.º posto: Nerea Santomé Pereira

Categoría masculina

1.º posto: Jan Lukas Menzel Barraqueta

2.º posto: Víctor Sáez Hervada

Categoría de dobres masculino

1.º posto: Jan Lukas Menzel Barraqueta
e Víctor García Domínguez

2.º posto: Víctor Sáez Hervada e Miguel Sequeiros Arnosí

Campionato Universitario de Tenis de Mesa. I Trofeo Eugenio Monge.

Vigo, 17 de abril de 2008

Total de participantes: 30

1.º posto: Indalecio Vázquez Paris

2.º posto: Juan Ángel Ferreiro Lage

TOTAL CAMPIONATOS INDIVIDUAIS : 97 PARTICIPANTES



CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE FÚTBOL FEMENINO 7 DA UNIVERSIDADE DE VIGO



3.1.4. CAMPIONATOS COLECTIVOS

Duración: de febreiro a abril

Campionato Universitario de Fútbol 7 Feminino

Ourense, 20 de febreiro de 2008

O campo dos Remedios de Ourense acolleu este campionato, no que participaron un equipo ourensán e tres do campus de Vigo. O evento reuniu a 48 xogadoras.

1.º posto: Minas. Campus de Vigo.

2.º posto: Toliñas. Campus de Vigo.

Torneo Intercampus de Rugby

Vigo, 28 de febreiro

Participaron dous equipos na categoría feminina e catro na masculina, cun total de 59 persoas.

Categoría feminina

1.º posto: Pontevedra

2.º posto: Vigo

Categoría masculina

1.º posto: Pontevedra

2.º posto: Ciencias. Campus de Vigo

TOTAL CAMPIONATOS COLECTIVOS: 107 PARTICIPANTES

3.1.5. CAMPIONATOS PDI E PAS

Duración: de febreiro a maio

Profesores e persoal administrativo tiveron tamén a súa competición propia grazas aos campionatos de PDI e PAS, que se desenvolveron entre febreiro e maio. Os equipos gañadores representarían a Universidade de Vigo nos Campionatos Galegos de PDI e PAS.

Fútbol 7 masculino

Participaron cinco equipos do Campus de Vigo e un do Campus de Ourense, cun total de 72 xogadores.

1.º posto: Económicas. Campus de Vigo

2.º posto: Ciencias. Campus de Vigo



Baloncesto masculino

Participaron dous equipos e 24 xogadores.

1.º posto: Status Quvi. Campus de Vigo

2.º posto: Pas-apalabra. Campus de Vigo

Maratón de fútbol sala

Participaron catro equipos e 48 persoas.

1.º posto: La Virgen de Guadalupe. Campus de Vigo

2.º posto: Publicistas. Campus de Pontevedra

TOTAL PDI E PAS: 144 PARTICIPANTES


Campionato Galego Universitario de PDI e PAS

Lugo, 31 de maio de 2008

Os equipos da Universidade de Vigo lograron uns excelentes resultados nos Campionatos Galegos de PDI e PAS, que se disputaron en Lugo a finais de maio, organizados pola Universidade de Santiago. Deportistas vigueses acadaron o ouro en dúas das catro modalidades da competición, concretamente en carreira pedestre, onde a vitoria foi para o triatleta Diego José Pío, e fútbol 7, grazas ao equipo do Campus de Ourense. Ademais, en xadrez obtiveron un terceiro posto, da man de José María García Eirin.

3.1.6 CADRO RESUMO DOS PARTICIPANTES EN COMPETICIÓNS INTERNAS

CAMPIONATO	PARTICIPANTES
Ligas universitarias	3068
I Copa Intercampus	2024
Campionatos individuais	97
Campionatos colectivos	107
Campionato PDI e PAS	144
TOTAL	5440





Instalacións

Cidade deportiva universitaria do campus de Vigo
Cidade deportiva do Circulo Mercantil

Modalidades

Deporte feminino

- Baloncesto
- Balonmán
- Fútbol 7
- Fútbol sala
- Rugby 7

Logo: nato galego deportes colectivos



3.2. COMPETICIÓNS INTERUNIVERSITARIAS

3.2.1. CAMPIONATOS GALEGOS UNIVERSITARIOS 2008

Duración: de xaneiro a maio

As competicións enfrontan representantes das tres universidades galegas, tanto en deportes de equipo como individuais.

ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN

Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos
Vigo, 5 e 6 de marzo de 2008

55 participantes da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo logrou medallas de ouro en cinco categorías: balonmán masculino e feminino, baloncesto feminino, fútbol sala masculino e rugby masculino. Rematou en segunda posición en baloncesto masculino, rugby 7 feminino, fútbol 11 masculino e voleibol masculino.

Campionato Galego Universitario de Volei Praia
Praia do Vao (Vigo), 15 de abril de 2008

22 participantes da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo acadou a medalla de ouro tanto na categoría masculina como na feminina.

PARTICIPACIÓN

Campionato Galego Universitario de Campo a Través	10 deportistas 1 medalla ouro
Campionato Galego Universitario de Natación	9 deportistas 4 medallas ouro 1 medalla prata 2 medallas bronce
Campionato Galego Universitario de Orientación	6 deportistas 1 medalla prata 1 medalla bronce
Campionato Galego Universitario do PDI e PAS	15 deportistas 2 medallas ouro 1 medalla bronce
Campionato Galego Universitario de Xadrez	41 deportistas 1 medalla ouro 1 medalla prata 1 medalla bronce

3.2.2. CAMPIONATOS DE ESPAÑA UNIVERSITARIOS 2008

Os/As mellores deportistas da Universidade competiron nos Campionatos de España que se celebraron en universidades de todo o país. O equipo da institución viguesa compúxose de 144 deportistas, que acadaron un total de 16 medallas: tres ouro, sete pratas e seis bronce.

A Universidade de Vigo organizou, ademais, catro dos campionatos: o de Remo, o de Orientación, o de Vela e o de Taekwondo.

DEPORTES COLECTIVOS

FASE INTERZONAL

	PARTICIPANTES
Balónmán masculino	20
Balónmán feminino	18
Baloncesto feminino	18
Fútbol sala masculino	18
Volei praia	4
TOTAL	78

DEPORTES INDIVIDUAIS

Atletismo	13
-----------	----

FASE FINAL

Bádminton	1
Campo a través	4
Golf	2
Judo	5
Orientación	4
Remo	3
Taekwondo	14
Tenis	4
Triatlón	3
Vela	4
Volei praia	4
Xadrez	5
TOTAL	66

TOTAL CAMPIONATOS: 144 PARTICIPANTES





RESULTADOS MÁIS DESTACADOS

CEU Taekwondo

- Ouro. Bruno García Fernández, peso galo
- Ouro. Fernando Rascado Ríos, peso superlixeiro
- Prata. Rebeca Mariño Torrado, peso galo
- Prata. Lúa Piñeiro Devesa, peso superlixeiro
- Prata. Francisco Santiago Otero, peso lixeiro
- Prata. Leticia Santos Paz, peso pluma
- Bronce. Juan Fernández Rey, peso pluma
- Bronce. Darío Pérez Brutcher, peso medio
- Bronce. Ileana Rodríguez Cruz, peso medio
- Bronce. Nazaret Tilve Costas, peso mosca
- Ouro por equipos

CEU Remo

- Bronce. Ángeles Díaz Seoane, skiff feminino

CEU Atletismo

- Prata. Paula Campanero Gutiérrez, salto con pértiga
- Prata. Lorena Luaces Barril, 5 km marcha
- Prata. Víctor Riobó Villanueva, 800 metros lisos
- Bronce. Beatriz Viteri Bouso, salto con pértiga

3.2.3. XOGOS GALAICO-DURIENSES

Celebráronse no Campus de Pontevedra os días 20, 21 e 22 de novembro de 2007, coa participación de máis de 300 deportistas representantes das tres universidades galegas e das tres do norte de Portugal.

A competición desenvolveuse nas modalidades de dúatlon-cross, orientación, tenis de mesa, xadrez, fútbol sala mixto, voleibol mixto e baloncesto mixto.

É unha competición en que se puntúan os resultados por cada modalidade e vanse sumando, polo que o importante é o gañador final global. A Universidade de Vigo logrou clasificarse en segundo lugar.

CLASIFICACIÓN XERAL

- 1.^a Universidade do Porto
- 2.^a Universidade de Vigo
- 3.^a Universidade da Coruña
- 4.^a Universidade de Santiago
- 5.^a Universidade de Minho
- 6.^a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro

TOTAL UNIVERSIDADE DE VIGO: 50 REPRESENTANTES



4 SECCIÓNS FEDERADAS



4.1. CAMPUS DE OURENSE

BALONCESTO

A sección de baloncesto do Campus de Ourense está formada por dous equipos, un na categoría masculina e outro na feminina.

Categoría masculina

O equipo Universitario Campus Ourense clasificouse no 16.º lugar na fase previa, Grupo Sur, na 1.ª división nacional de baloncesto.

Categoría feminina

A sección feminina do Universitario Campus Ourense participou na fase interzonal Grupo Sur e acadou a 1.ª posición.

TENIS

A temporada 2007/2008 foi boa para o Club de Tenis Dereito-Empresariais, que destacou polo seu alto nivel de xogo e a súa capacidade organizativa.

Equipo sénior

O equipo absoluto masculino participou na 4.ª categoría da nova estrutura competitiva da Federación Galega de Tenis e clasificouse un ano máis no 1.º posto do seu grupo despois de gañar todos os partidos. Na promoción polo ascenso, porén, non houbo sorte e os universitarios perderon co Porriño B tras un igualado partido.

Equipo infantil

O equipo infantil masculino participou na 2.ª división do Campionato Galego e obtivo bos resultados.

Equipo veteranos

O equipo masculino de veteranos xogou na 2.ª categoría galega e realizou unha boa competición.

XADREZ

O Campus de Ourense conta con dous equipos de xadrez: o Universitario Ourense A e o Universitario Ourense B. O primeiro equipo, que xogaba na 2.ª división galega, acadou o ascenso á 1.ª división, mentres que o segundo se mantivo na 3.ª división galega. Ademais, tres dos seus membros participaron

no Torneo Internacional Aberto Cidade das Burgas, que se celebrou no mes de xullo en Ourense. A sección de xadrez organizou o 13.º Torneo de Xadrez Campus Ourense, no mes de outubro de 2007, e o Provincial de Xadrez, en decembro.

4.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA

XIMNASIA AERÓBICA

A sección federada de ximnasia aeróbica participou no Control Autonómico, organizado pola Federación Galega de Ximnasia no mes de abril, no que as ximnastas de Pontevedra obtiveron a primeira praza. Participaron tamén no Campionato de España de Aeróbic de Base e Promoción, na categoría de Promoción, no que quedaron en cuarta posición.

4.3. CAMPUS DE VIGO

CARREIRAS DE ORIENTACIÓN

A sección participou ao longo do curso nas probas da Liga Galega de Carreiras de Orientación, onde deportistas vigueses acadaron boas puntuacións.

Corredores e corredoras da Universidade de Vigo competiron ademais en diversas competicións, entre elas no Campionato Galego Absoluto, que tivo lugar na Coruña en outubro de 2007; o Campionato Galego de Ori-Sprint, en Santiago de Compostela en novembro; o Campionato Galego Universitario, que se celebrou en Santiago de Compostela en febreiro de 2008; e o Campionato Galego Absoluto de Ori-Sprint, en Pontevedra no mes de xuño.

Entre os resultados hai que destacar os do Campionato Internacional de Orientación, en Teo (A Coruña), e especialmente o primeiro posto de José Luis Armada en H-45 e o terceiro de Isabel Pastoriza en damas elite.

RUGBY

O Vigo Rugby Club contou con seis equipos de distintas categorías: dous equipos sénior masculino, un equipo sénior feminino, un equipo xuvenil masculino, un equipo cadete masculino e un equipo infantil mixto.





Equipos sénior masculino

Os equipos sénior masculino participaron, no ámbito nacional, na división de honra B da Federación Española de Rugby, e no ámbito autonómico, na 1.ª división galega de rugby. O Universidade de Vigo Rugby A, na Liga Nacional, rematou en 6.ª posición, mentres que o Rugby B, na Autonómica, obtivo o 3.º posto. Tamén competiron na Copa Xunta de Galicia, onde quedaron campións.

Equipo sénior feminino

Competiu na Liga Feminina de Rugby Galega, onde acadou o 3.º posto, e na Copa Xunta de Galicia, onde obtivo o título de subcampioa.

Equipo xuvenil masculino

Competiu na Liga de Rugby Xuvenil Galega, onde foi o 3.º clasificado, e na Copa Xunta de Galicia, onde acadou o título de campión.

Equipo cadete masculino

Competiu na Liga Cadete de Rugby Galega, onde obtivo o 5.º posto, e na Copa Xunta de Galicia.

Ademais, a sección encargouse da organización de varios torneos, cursos e actividades, como o II Torneo de Rugby a Sete, no Campus universitario; o Proxecto Rugby no teu barrio, para lles achegar o rugby a rapaces e rapazas; o Rugby cole, de promoción deste deporte nas escolas; ou o I Torneo Intercentros de Rugby da Cidade de Vigo, onde participaron seis colexios da cidade.

TENIS

Os equipos masculinos e femininos de tenis da Universidade de Vigo acadaron bos resultados durante o ano. Destaca o éxito das xogadoras do equipo feminino A, que venceron no Campionato de España por Equipos Absolutos e acadaron o ascenso de categoría.

Campionato de España por Equipos Absolutos

O equipo feminino A, que competía na categoría C, resultou campión de categoría e acadou o ascenso á categoría B.

Campionato Galego por Equipos Absolutos

- Feminino A. Competiu na primeira categoría e acadou o título de campioa galega.
- Feminino B. Competiu na segunda categoría e resultou 8.º clasificada.
- Masculino A. Competiu na terceira categoría e clasificouse en 5.ª posición.
- Masculino B. Competiu na sexta categoría. Resultou 1.º clasificado e acadou o ascenso á categoría superior.

TRIÁTLON

O equipo de triatlón, formado por 30 deportistas, competiu no Circuito Galego de Dúatlon Cross e no Circuito Galego de Dúatlon de Estrada, ademais de en diversas competicións de ámbito nacional, como o Campionato de España de Grupos de Idade. Nesta proba destacou a actuación de Marta Consuegra, que se proclamou campioa de España.

Entre os resultados tamén hai que sinalar o segundo posto do equipo feminino e o segundo absoluto de Marta Consuegra na clasificación final do Circuito Galego de Dúatlon de Estrada, e o terceiro posto absoluto de Sandra Santodomingo no Circuito Galego de Dúatlon Cross.

XADREZ

Os resultados acadados pola sección de Xadrez representaron un éxito sen precedentes e erixiron a Universidade de Vigo como o principal referente deste deporte en Galicia. No campus vigués a sección conta con dous equipos: o Universidade de Vigo e o equipo escolar Universidade de Vigo-Xadrez Galego.

Universidade de Vigo A

O primeiro equipo de xadrez foi subcampión de Galicia e campión da fase regular da división de honra galega. Ademais clasificouse para participar no Campionato de España de Clubs.

Equipo escolar: Universidade de Vigo-Xadrez Galego

Equipo da Campaña de promoción do deporte en idade escolar. Foi campión na 2.^a división galega, grupo C, e acadou o ascenso á 1.^a división.

Outras competicións

Xogadores/as da Universidade de Vigo participaron en todas as categorías dos Campionatos Galegos 2008, onde acadaron grandes resultados. Miguel Senlle e Samuel Villar proclamáronse campións nas categorías Sub 18 e Sub 14, respectivamente, mentres que en Sub 16 Daniel Vila foi subcampión, seguido por Marina Aguirre. Ademais, a sección ocupou catro dos cinco primeiros postos no Campionato Galego Absoluto: o máis destacado foi o capitán, Pablo García, que se proclamou campión de Galicia.

Tamén competiron en moitos dos abertos que se disputaron en España e en varios dos torneos do máis alto nivel disputados en Europa. Cinco das persoas xogadoras da sección de xadrez participaron nos Campionatos de España de Seleccións Autonómicas



5 E ACTIVIDADES

5.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES

II TORNEO DE RUGBY 7 UNIVERSIDADE DE VIGO

Vigo, 24 de novembro de 2007

Como peche das Xornadas de Achegamento ao Rugby organizouse este torneo en que participaron seis equipos femininos e cinco equipos masculinos, oito deles da Universidade de Vigo e os restantes invitados. En total foron máis de 150 participantes, que chegaron de Santiago e doutros puntos de Galicia, e mesmo de Portugal.

I XORNADAS DE ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

Vigo, 22 de xaneiro de 2008

Ao comezo do ano o Servizo de Deportes desenvolveu as I Xornadas de Actividade Física e Saúde, unha iniciativa para lle facer cara ao sedentarismo e para concienciar á comunidade universitaria do importante que é para a saúde realizar exercicio físico de xeito habitual. A iniciativa tivo unha boa acollida e preto de 40 persoas entre estudantes, PDI e PAS, acudiron ao pavillón de deportes do Campus de Vigo para valoraren a súa condición física relacionada coa saúde.

A actividade incluíu unha revisión médica en que se analizou a composición corporal das persoas participantes e unha serie de probas para medir a forza dos membros superiores, o equilibrio, a forza e a resistencia abdominal, a flexibilidade, a forza nas pernas e a resistencia. Finalmente, cada persoa recibiu un informe cos seus resultados, valoracións e recomendacións para melloraren a saúde.

IV MARATÓN DE AERÓBIC SOLIDARIO A PROL DE UNICEF

Pontevedra, 9 de marzo de 2008

O Campus de Pontevedra acolleu unha nova edición do Maratón de Aeróbic Solidario. Máis de 100 persoas, de dentro e de fóra da Universidade, reuníronse no pavillón polideportivo para faceren deporte por unha boa causa e colaboraren con Unicef mediante a achega de donativos.



10 KM CIDADE UNIVERSITARIA

Vigo, 1 de abril de 2008

A segunda edición desta carreira a pé de 10 km desenvolveuse nos arredores do Campus de Vigo, con saída e chegada nos arredores da Praza Miralles, e contou coa participación de 360 deportistas, alumnado universitario e populares.

Elías Domínguez (Club de Corredores Vig-Bay), subcampión de España de maratón, obtivo a vitoria na categoría masculina, mentres que na feminina a gañadora foi a portuguesa Ercília Machado (Sporting Club de Braga).

A xornada transcorreu nun ambiente animado e festivo, tanto para corredores/as como para as súas familias, que puideron gozar con diversas actividades programadas especialmente para o evento.



PARTIDO SOLIDARIO. ÚNETE POLA INFANCIA CON UNICEF

Ourense, 5 de abril

O pavillón polideportivo de Ourense acolleu este encontro solidario de fútbol sala, organizado polo Servizo de Deportes e por Unicef, onde se enfrontou profesorado e alumnado.



CAMPIONATOS DE ESPAÑA UNIVERSITARIOS 2008

Remo. Castrelo de Miño, do 29 abril ao 1 de maio de 2008

Orientación. Pontevedra, do 9 ao 11 de maio de 2008

Taekwondo e Vela. Vigo, do 9 ao 11 de maio de 2008

A Universidade de Vigo converteuse nos meses de abril e de maio no epicentro deportivo universitario grazas á celebración, case simultánea, de catro campionatos de España. Os eventos, que se enmarcaban na candidatura á Universiada de 2013, convocaron a máis de 600 deportistas procedentes de 52 universidades de toda España e foron unha clara proba da gran capacidade organizativa da universidade viguesa.

Campionato de España Universitario de Remo

Preto de 130 deportistas, de 20 universidades, competiron durante dúas intensas xornadas na localidade ourensá de Castrelo de Miño. A Universidad de Sevilla, que partía como





favorita, proclamouse campioa, con oito medallas de ouro. Da Universidade de Vigo destacou a actuación da remeira Ángeles Díaz Seoane, que obtivo a medalla de bronce en skiff feminino.

Campionato de España Universitario de Orientación

O lago Castiñeiras e as rúas do casco vello de Pontevedra acolleron as diversas probas do Campionato de España de Orientación, que convocou máis de 145 participantes de 34 universidades. A proba acadou grande expectación por ser clasificatoria para o Campionato do Mundo Universitario, que se celebraría en Tartu (Estonia) no verán.

Entre as persoas gañadoras destacou a corredora da Universitat d'Alacant Esther Gil, que obtivo o ouro nas tres modalidades femininas da competición e colocou o seu equipo no primeiro posto.

Campionato de España Universitario de Taekwondo

O equipo da Universidade de Vigo resultou vencedor do Campionato de España Universitario de Taekwondo por terceiro ano consecutivo tras unha excelente actuación na casa. Os/As deportistas de Vigo obtiveron dez medallas: dúas de ouro, catro de prata e catro de bronce.

O Campionato tivo lugar no pavillón polideportivo do Campus de Vigo e foi, ademais, o de maior participación, xa que reuniu máis de 200 deportistas de preto de 50 universidades.

Campionato de España Universitario de Vela

O Campionato de Vela acadou un récord de participación, xa que se superaron as 18 tripulacións que se establecen como máximo no regulamento técnico das probas. En total participaron 80 deportistas de 20 universidades.

A ría de Vigo foi o escenario das regatas, que se celebraron dende o porto deportivo de punta Lagoa. O Campionato foi emocionante e moi disputado. A Universidad Católica de Murcia acadou a medalla de ouro malia empatar a puntos coa Politécnica de Madrid.

I TORNEO DE RUGBY 7 CAMPUS DE PONTEVEDRA

Pontevedra, 8 de maio de 2008

O Campus de Pontevedra apostou polo rugby coa celebración do I Torneo de Rugby 7, que tivo lugar no campo de herba sintética da Xunqueira e no que participaron 65 deportistas. En categoría masculina competiron catro equipos, de Vigo, Pontevedra e A Coruña, e en categoría feminina foron dous, de Vigo e Pontevedra.

A vitoria foi para Pontevedra na categoría masculina e para Vigo na feminina.

XVII FESTA DO DEPORTE

Pontevedra, 22 de maio de 2008

Ao coincidir coa final do XII Torneo Intercentros celebrouse a XVI Festa do Deporte, acto no que o Servizo de Deportes agasalla a gañadores e gañadoras de ligas universitarias e deportistas que destacan da temporada. Na gala, que tivo lugar na Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal, fíxose unha mención especial ás 15 persoas da Universidade que obtiveron medallas nos campionatos de España, así como un recoñecemento ao importante labor que algunhas institucións, como a Federación Galega de Taekwondo, a Escola Universitaria de Fisioterapia e a BRILAT levaron a cabo ao longo de todo o curso.

5.2. SEDE DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS

As instalacións deportivas universitarias acolleron a celebración de diversos eventos, deportivos ou doutra índole, o que amosa a implicación da Universidade en proxectos que se desenvolven na súa área de influencia.

OPOSICIÓNS AO CORPO NACIONAL DE POLICÍA

Vigo, do 16 ao 23 de outubro de 2007

1786 aspirantes déronse cita nas instalacións deportivas do Campus de Vigo para participar nas probas físicas da oposición ao Corpo Nacional de Policía. O pavillón universitario e as gradas da pista de atletismo enchéronse de familiares e colegas que animaban ás persoas participantes nos exercicios de axilidade, forza flexora, salto vertical e resistencia.

VI COPA COCA-COLA

Vigo, 23 e 24 de febreiro de 2008

O Campus de Vigo repetiu un ano máis a experiencia como sede do torneo de fútbol escolar da Copa Coca-Cola. Un total de 40 equipos de rapaces e rapazas de entre 13 e 15 anos de colexios da comarca de Vigo xogaron a clasificación para a final.





CAMPIONATO GALEGO DE TÉCNICA E EXHIBICIÓN DE TAEKWONDO

Vigo, 3 de maio de 2008

Poucos días antes do Campionato de España Universitario de Taekwondo, o pavillón do Campus de Vigo acolleu a celebración do Campionato Galego de Técnica e Exhibición de Adultos, organizado pola Federación Galega de Taekwondo.



SERIE MUNICIPAL DE ATLETISMO EN PISTA

Vigo, 30 de maio de 2008

Preto de 70 atletas de 15 clubs de distintos puntos de Galicia participaron nesta proba, que se encadra no circuíto de controis en pista da delegación viguesa da Federación Galega de Atletismo. Celebráronse un total de oito probas en diferentes categorías.



FINAL DO CIRCUÍTO DE CAMPO A TRAVÉS XÓVENES ATLETAS

Vigo, 8 de xuño de 2008

Os máis pequenos corredores e corredoras participaron na proba de clausura do Circuíto de Campo a Través organizado pola agrupación deportiva Xóvenes Atletas. Contou con 160 participantes procedentes de 17 clubs e centros escolares de Vigo e da comarca.



TORNEO VIGOMANO

Vigo, do 24 ao 29 de xuño de 2008

As instalacións deportivas do Campus de Vigo acolleron o I Torneo Internacional de Balonmán Vigomano 2008, onde se enfrontaron máis de 30 equipos das categorías infantil e cadete, masculino e feminino, de España e de Portugal.

CAMPUSCAMP MULTIDEPORTIVO PARA FILLOS E FILLAS DE PDI E PAS

Vigo, do 25 de xuño ao 31 de xullo e do 1 ao 11 de setembro

Un ano máis, o Servizo de Deportes acolleu durante o mes de xullo a fillos e fillas de PDI e PAS mentres seus pais e nais estaban a traballar. Os/As 60 participantes tiveron ao seu

dispor todas as instalacións deportivas, interiores e exteriores, para realizaren todo tipo de xogos e practicaren deportes como o tenis ou a natación.

CAMPUS DE BALONCESTO 6 DO NADAL

Vigo, do 6 ao 13 de xullo de 2008

Organizado polo Colexio Seis do Nadal, o Campus de Baloncesto convocou no Campus de Vigo 80 nenos e nenas para se iniciaren neste deporte.

5.3. UNIVERSIADA VIGO 2013

Vigo quedou ás portas de se converter na sede da Universiada de Verán en 2013, mérito que conseguiu a cidade rusa de Kazan, logo de que membros do Comité Executivo da Federación Internacional de Deportes Universitarios (FISU) a eleixiran de entre as tres finalistas, entre as que se atopaba tamén Gwangju (Corea do Sur). Os actos de presentación dos proxectos e a designación da cidade organizadora tivo lugar o día 31 de maio en Bruxelas. A delegación viguesa estivo presidida polo secretario de estado para o deporte, Jaime Lissavetzky.

Para chegar a ser declarada oficialmente como cidade candidata, Vigo fora nominada como representante do Estado español, tras superar a candidatura presentada por Murcia. Posteriormente, foi avaliada positivamente por unha comisión integrada por representantes da FISU de distintas nacionalidades, que visitou a cidade no mes de abril.



6 OUTROS SERVIZOS E VANTAGES

6.1. TARXETA DEPORTIVA

Ao longo deste curso 341 estudantes solicitaron este carné, que ofrece prezos especiais nas actividades organizadas polo Servizo de Deportes (escolas deportivas, cursos, etc.), descontos nos servizos ofrecidos polas entidades colaboradoras (ximnasia, tendas de material deportivo, clínicas de fisioterapia, etc.) e acceso libre ás instalacións deportivas da Universidade.

6.2. DUE

O Programa de apoio académico a deportistas da Universidade de elite (DUE) contou este curso con 14 deportistas, de entre quen salienta nomes como o do triatleta Javier Gómez Noya. Por modalidades destaca o triatlón, con tres persoas inscritas, seguido polo atletismo, o taekwondo e a vela, con dúas inscricións cada un.

O programa púxose en marcha en 2005/2006 para apoiar a deportistas de alto nivel e dar resposta ás súas necesidades académicas.


6.3. ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE

A Área de Deporte e Saúde do Campus de Vigo consolidouse como a opción preferente para as persoas preocupadas pola súa saúde e que buscan realizar unha actividade física controlada coa supervisión de profesionais do ámbito da medicina deportiva e da educación física. Durante este curso utilizaron o servizo un total de 111 persoas, coas que se desenvolveron 162 programas personalizados de exercicio físico. Os obxectivos máis demandados foron os da mellora da composición corporal e a perda de peso.

Pola súa parte, o Programa A Correr no seu primeiro ano de funcionamento conseguiu formar un grupo estable de adestramento e acadar unha notable participación en probas atléticas populares como os 10 km Cidade Universitaria ou a Vig-Bay.

6.4. PONTE EN FORMA

O Programa Ponte en Forma naceu en xaneiro de 2008 dentro da Área de Deporte e Saúde do Campus de Ourense co fin de dar resposta a certas necesidades da comunidade universitaria.



PROGRAMA DE APOIO ACADÉMICO A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL
DA UNIVERSIDADE DE VIGO

INSCRÍBETE ANTES DO 15 DE NOVEMBRO
APROVEITA AS SÚAS VANTAGES

PIDE MÁIS INFORMACIÓN NO:
TEL. 986 812 490
E-MAIL: CALU@UVIGO.ES
WWW.DEPORTES.UVIGO.ES

doce

Durante o primeiro cuadrimestre inscribíronse no Programa de atención física personalizada 25 usuarios/as e foron atendidos ademais 20 membros da Universidade de Vigo entre consultas médicas concretas, elaboración de dietas, antropometrías e outras probas. O servizo de revisións médicas e prescrición de exercicio estendeuse, ademais, ás seccións de rugby e de baloncesto do Campus, tanto para o equipo júnior como para os sénior masculino e feminino.

6.5. PRÉSTAMO DE BICICLETAS

O Servizo de Deportes do Campus de Vigo inaugurou en xuño este novo servizo para que a comunidade universitaria poida gozar do ciclismo e ao mesmo tempo coñecer o contorno natural e as rutas que rodean o campus das Lagoas Marcosende.

O uso das bicicletas é totalmente gratuíto e completárase cunha serie de guías informativas sobre as rutas do contorno do Campus, de xeito que se poidan realizar paseos seguindo os mellores itinerarios e coñecer máis a fondo o patrimonio e a natureza da zona.

6.6. PROGRAMA DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

Durante o curso 2007/2008 estendeuse ás seguinte actividades:

- Rutas culturais (Campus de Ourense).
- Cursos de mergullo: Open Water Diver e Advanced Open Water (Campus de Vigo).
- Escolas deportivas de ioga, tenis, natación e xadrez (Campus de Vigo).
- Xornadas de achegamento ao rugby (Campus de Vigo).

6.7. BOLSAS PARA O ALUMNADO COLABORADOR

Convócanse anualmente dous programas para que o alumnado poida converterse en bolseiro colaborador do Servizo de Deportes. Este curso a distribución nas dúas modalidades incluíu un total de 89 bolseiros:

- 24 bolsas de persoas colaboradoras de centro.
- 65 bolsas de arbitraje e de coordinación de competicións internas.



bolsas deportivas

53 curso2007/08
bolsasdeárbitros

MODALIDADES | Baloncesto (árbitro e mesa), fútbol sala, fútbol sete, voleibol, tenis de mesa e coordinador de árbitros e de ligas.

FUNCIÓNS | Colaborar co Servizo de Deportes como árbitro das Ligas e Competicións Universitarias.

CAMPUS | Pontevedra e Vigo (Lagoas-Marcosende e Histórico).

CONTÍA | Entre 340 e 600 euros.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES | Do 26 de setembro ao 10 outubro. Os solicitantes deberán recoller o impreso no Servizo de Deportes e entregalo nos rexistros da Universidade de Vigo.

CAMPUS DE PONTEVEDRA | EUET Forestal, 1º
Campus A Xunqueira | 986 801917 | podepor@uvigo.es

CAMPUS DE VIGO | Edificio do Servizo de Deportes
Campus Lagoas-Marcosende | 986 812182 | deportes@uvigo.es

www.deportes.uvigo.es

Servizo de Deportes

Coca-Cola

nx

7 INSTALACIONES DEPORTIVAS

CAMPUS DE OURENSE

Pavillón Polideportivo

Pista polideportiva

Pistas de squash

Sala de cardiofitness

Zona de tenis de mesa

Área de xadrez

Zona deportiva exterior

Pista polideportiva

Pista de tenis

CAMPUS DE PONTEVEDRA

Pavillón polideportivo

Pista polideportiva

Sala de fitness

CAMPUS DE VIGO

Edificio do Servizo de Deportes

Salas de actividades dirixidas

Sala de xadrez

Aula para cursos

Pavillón polideportivo

Pista polideportiva

Sala de cardiofitness

Zona de tenis de mesa

Rocódromo

Pistas de tenis exteriores

Pista polideportiva exterior

Campo de herba natural

Campo de céspede sintético

Pista de atletismo

Pista de footing

Centro Deportivo Universitario (CDU)

Piscina

Pistas de squash

Sala de cardiofitness

Sala de actividades dirixidas



7.1. USOS INTERNOS: COMUNIDADE UNIVERSITARIA

A comunidade universitaria é a principal usuaria das instalacións deportivas dos tres campus, basicamente a través da participación nas distintas actividades que organiza o Servizo de Deportes, como as escolas deportivas ou as ligas.

7.2. USOS EXTERNOS

Os campus de Ourense e Vigo alugan as súas instalacións a usuarios/as externos/as. Numerosas entidades ocupan os recintos deportivos durante 90 horas á semana, especialmente nos horarios de sábado e domingo.

CAMPUS DE OURENSE

Pavillón Polideportivo

Asociación Aixiña (Centro Especial de Emprego)
Asociación de Tai chi
Asociación Galega de Kick Boxing
Atención Primaria Sergas
Club Baloncesto Ourense (COB)
Club de Rugby Campus Ourense
Club Dereito Empresariais Tenis
Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado
Consello Municipal dos Deportes (CMD)
Equipo de baloncesto universitario Campus Ourense
Escola Superior Enxeñaría Informática
Facultade de Ciencias da Educación
Federación Galega de Baloncesto
Federación Galega de Fútbol Sala
Federación Galega de Judo
Institucións Penitenciarias
Persoas particulares: 5





CAMPUS DE VIGO

Pavillón Polideportivo
Baloncesto Puerto Vigo
Bar Luada Fútbol Sala
CD Aradelas
Celta Caixanova
Club de Baloncesto Airexa
Club de Baloncesto Setentas
Colexio Los Sauces
Foto Gómez Fútbol Sala
Grupo de empresa PSA Peugeot-Citroën
Residencia O Castro
Torreiro Fútbol Sala
Universidade de Vigo de Baloncesto
Persoas particulares: 10

Pista polideportiva exterior
Club de Tenis Cidade Olívica

Campo sintético de fútbol
Casa Botas
Cedro
Construcciones Carrera
Coruxo FC
Torneo Agrupación Amistad
Torneo Agrupación Primavera
Torneo Vigo en Xogo
Persoas particulares: 12

Pistas de tenis
Club de Tenis Cidade Olívica
Grupo de empresa PSA Peugeot-Citroën

Pista de atletismo
Academia Fonseca
CD Athenas
Cemar-Colexio Marcote
Club Atletismo Porriño
Club Atletismo Val de Louriña
Colexio de Árbitros de Fútbol
Colexio de Árbitros de Fútbol Sala
IES A Guía
Igrexa Evanxélica de Vigo
Sociedade Deportiva Atletismo San Miguel

Ao longo do curso deportistas da Universidade de Vigo e o Servizo de Deportes protagonizaron numerosas páxinas nos medios de comunicación galegos. A continuación ofrecemos unha selección coas noticias máis destacadas.

8 ARQUIVO DE PRENSA

Escolas deportivas

ELSE KETELE
monitera de clases de yoga de las Escuelas Deportivas de la Uvigo

“Los alumnos de yoga pueden aplicar esta actividad a todos los aspectos de su vida”



Este Ketele es monitera de las clases de yoga, actividad perteneciente a las Escuelas Deportivas de la Universidad de Vigo. Esta práctica es una de las de más éxito en el campus, por lo que la Uvigo ha decidido ampliar el número de matriculados hasta cubrir todas las plazas. Como profesora de yoga, Else intenta transmitir a sus alumnos la pasión por esta práctica milenaria.

